

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26 DE XUÑO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Acordouse aprobar as actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local núm. 25/2017 e 26/2017 de datas 12 de xuño de 2017 e 19 de xuño de 2017.

2.- EXPEDIENTE 774/2017. LICENCIA DE OBRAS E DEMOLICIÓN. ANTECEDENTE EXP 8060/15.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE DEMOLICIÓN E DE OBRA para demolición e edificación para apeiros de labranza, no lugar de Castro, parroquia de Méixome, Lalín.

3.- EXPEDIENTE 2736/2017. ALTAS PARQUING MES DE XUÑO 2017.

Acordouse aprobar 9 abonos mensuais para praza de aparcamento, en cumprimento do establecido na Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande.

4.- PRÓRROGA CONTRATO DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE(VIDEOVIXILANCIA,INTRUSION E ANTI-INCENDIOS DE DIVERSOS EDIFICIOS DO CONCELLO DE LALIN (CSE072015).

Acordouse prorrogar o contrato administrativo denominado “CONTRATO ADMINISTRATIVO DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE (VIDEOVIXILANCIA, INTRUSIÓN E ANTI-INCENDIOS) DE DIVERSOS EDIFICIOS DO CONCELLO DE LALÍN”.

5.- EXPEDIENTE 2844/2017. PROCEDEMENTO APROBACIÓN FACTURAS RELACIÓN 00048 XGL 26 DE XUÑO.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00048 por importe de 129.391,67 €.

6.- EXPEDIENTE 40/2017. DEVOLUCIÓN DE AVAL PRESTADO POLO OUTORGAMENTO DE LICENZA DE OBRAS 7697/14.

Acordouse proceder á devolución do aval constituído como garantía da reposición dos servizos na obra “*Cambio selección LAL812*” na rúa 53.

7.- EXPEDIENTE 2805/2017. PROPOSTA AUTORIZACION GASTO FEIRADEZA 2017.

Acordouse autorizar o gasto con destino á prestación de distintos servizos no desenvolvemento da *XXXIIIª Edición de Feiradeza e XXIIIº Concurso de Gando Frisón do Concello de Lalín*, segundo o orzamento remitido.

8.- EXPEDIENTE 2421/2017. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN 2 AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL, PERSOAL LABORAL POR

CONCURSO-OPOSICIÓN.

Acordouse aprobar a Acta do Tribunal Cualificador do proceso selectivo de dous auxiliares de policía local .

9.- EXPEDIENTE 2765/2017. SOLICITUDE RENOVACIÓN TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 11/2016.

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 11/2016.

10.- EXPEDIENTE 2766/2017. SOLICITUDE RENOVACIÓN TARXETA DE APARCAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.17/2010.

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 17/2010.

11.- EXPEDIENTE 2709/2017. ESCOLA DE VERÁN E CAMPAMENTOS URBANOS 1ª QUENDA. XUNTA GOBERNO LOCAL.

Acordouse a concesión de prazas reservadas para menores de familias en situación ou risco de exclusión social para a relación dos/as 31 menores de idade que figuran no expediente remitido.

12.- EXPEDIENTE 2468/2017. XANTAR NA CASA.

Acordouse a ALTA no programa de Xantar na Casa.

13.- EXPEDIENTE 2694/2017. PROPOSTA CORRECCIÓN ERROS DE FACTURAS.

Acordouse corrixir os erros padecidos nas sesións de Xunta de Goberno de 7 de marzo e 9 de maio de 2017.

14.- EXPEDIENTE 2620/2017. ACCESO A EXPEDIENTE.

Acordouse aprobar a solicitude presentada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO MATEMÁTICO RODRÍGUEZ Nº 3.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 33/2017. ADXUDICACIÓN LOTE 1 “SERVIZO DE LIMPEZA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAS DO CONCELLO DE LALÍN” (CSE022017).

Acordouse adxudicarlle o Lote 1: Servizo limpeza de instalacións deportivas, á empresa SYMATEC S.L.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2951/2017. PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS CULTURAS.

Acordouse solicitar unha subvención ao abeiro de dita orde para o desenvolvemento do proxecto denominado “*Equipamento audiovisual e mellora da iluminación e son do auditorio municipal de Lalín*”.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2853/2017. SUBVENCIÓN REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL, DIRIXIDAS A CONCELLOS DA PROVINCIA PARA O ANO 2017.

A aprobar a Memoria de Sinalización de ubicacións e recursos no Concello de Lalín 2017.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2520/2017. CONVOCATORIA E PROBAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN. BASES SELECCIÓN 2

CONDUTORES VEHÍCULO MOTOBOMBA.

Acordouse aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo de dous postos de condutores de vehículo motobomba para participar na prevención e defensa con incendios forestais no ano 2017.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2452/2017. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN - SUBVENCIÓN PLAN CONCELLOS 2017.

Acordouse aprobar as as actas de cualificación final e as propostas de contratación do Tribunal Cualificador nos procesos selectivos convocados ao abeiro do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2017) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, LIÑA 3 EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1698/2017. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 2 SOCORRISTAS.

Acordouse aprobar as BASES REGULADORAS para a contratación do persoal do proxecto de subvención denominado “SERVIZO DE DEPORTES: SOCORRISMO PARA AS PISCINAS EXTERIORES”.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3013/2017. (SOLICITUDE PARA COLOCAR CARPA NA RUA DOS TILOS O SABADO 1 DE XULLO DE 2017.

Acordouse conceder autorización municipal para a colocación dunha carpa na rúa dos Tilos co gallo dunha celebración veciñal o día 1 de xullo de 2017 dende as 3:00 horas da tarde.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as **20:10** horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.